

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



Illa Verde
CEIP DE LUGO

Aprobado polo Departamento de Orientación: 25 de outubro de 2022

Visto e prace do Claustro en reunión do: 25 de outubro de 2022

Aprobado polo Consello Escolar: 25 de outubro de 2022

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	6
1.1 Introducción	6
1.2 Contexto legal	7
1.3 Entorno socioeconómico, alumnado e profesorado.....	10
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES EDUCATIVAS	11
2.1 Alumnado obxecto do Plan	11
2.2 Identificación das necesidades educativas	12
2.2.1 Actividades de inicio de curso	12
2.2.2 Procedemento para a solicitude de intervención do DO	13
*Procedemento xeral para efectuar unha avaliación psicopedagóxica	14
2.2.3 Detección do novo alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de condicións persoais, de discapacidade física, psíquica ou sensorial ou graves trastornos de personalidade ou conduta	15
2.2.4 Alumnado con sobredotación intelectual	16
2.2.5 Alumnado de integración tardía ó noso sistema educativo. 16	
2.2.6 Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (lingua escrita, lingua oral, lectura, razoamentos lóxicos,etc)	18
2.2.7 Alumnado con desfase curricular de máis de un ano asociado a situación de desvantaxe sociocultural ou de outra índole	18
2.3 Necesidades detectadas	19
2.3.1 Alumnado	19
2.3.2 Recursos	20
2.3.3 Formación do profesorado	20
3. OBXECTIVOS DO PLAN	21
4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	22

4.1 Actuacións	22
4.1.1 Da administración educativa	22
4.1.2 Do centro	22
4.2 Medidas de atención á diversidade.....	23
4.2.1 Medidas ordinarias	23
4.2.2 Medidas extraordinarias	28
5 CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS	47
5.1 Criterios xerais para a atención á diversidade do alumnado	47
5.2 Proposta curricular e profesionais implicados.....	48
6 CONCRECIÓN DA ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN CAS MEDIDAS DESEÑADAS	52
6.1 Profesores/as - titores/as de área	52
6.2 Profesorado de PT	53
6.3 Profesorado de AL	54
6.4 Profesorado de apoio en educación infantil	55
6.5 Departamento de Orientación – Orientador/a	55
6.6 Equipo directivo do centro	56
6.7 Comisión de Coordinación Pedagóxica	47
6.8 Claustro de mestres	56
6.9 Consello Escolar	56
6.10 Auxiliar Técnico Educativo (ATE)	56
7 MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN	57



8 CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO 58

8.1 Familias 58

8.2 Servizos externos 59

9 PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN..... 60

9.1 Órganos implicados no plan 61

9.2 Indicadores de avaliación 61

9.3 Instrumentos de avaliar o Plan 61

10 PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS 61

ANEXO I – AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA. (Intervención do Departamento de Orientación)

ANEXO II – SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (CENTRO).

ANEXO III – INFORMACIÓN Á FAMILIA E CONFORMIDADE DA ADOPCIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

ANEXO IV – INFORME DO MESTRE/A TITOR/A DE MEDIDA DE FLEXIBILIZACIÓN.

ANEXO V – CONFORMIDADE DA FAMILIA DO ALUMNO/A CA MEDIDA DE FLEXIBILIZACIÓN.

ANEXO VI – INFORME DO MESTRE/A TITOR/A DE MEDIDA DE FLEXIBILIZACIÓN POR SOBREDOTACIÓN.

ANEXO VII – CONFORMIDADE DA FAMILIA DO ALUMNO/A CA MEDIDA DE FLEXIBILIZACIÓN POR SOBREDOTACIÓN.

ANEXO VIII – CONSTANCIA DA INFORMACIÓN Á FAMILIA.

ANEXO IX: INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS DA PARTICIPACIÓN DO/A SEU/SÚA FILLO/A NO GRUPO DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS.

ANEXO X: AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS A COMPARTIR INFORMACIÓN CON SERVIZOS EXTERNOS POR PETICIÓN DESTAS

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

1.1. Introducción

Atendendo á Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o Proxecto Educativo dos centros recollerá a forma de atención á diversidade do centro e que respectará o principio de non discriminación e inclusión educativa como valores fundamentais. En relación con estes principios, a atención á diversidade configúrase como un principio fundamental do sistema educativo regulado polas citadas leis. Isto implica a esixencia de proporcionar unha educación axustada ás necesidades do alumnado, tendo en conta a diversidade de intereses, características e situacións persoais.

Estas leis tamén establecen os principios que deben inspirar o noso Sistema Educativo (calidade, equidade, inclusión, flexibilidade, etc.) e a finalidade do mesmo: conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Este fin só se pode acadar se partimos do recoñecemento, a posta en valor e a atención á diversidade.

En consecuencia, a Comunidade Educativa debe asumir a pluralidade e diversidade como eixos vertebradores da acción educativa, potenciando e desenvolvendo medidas de resposta o máis eficaces posibles para todos os escolares, independentemente das súas condicións socio-familiares e culturais, así como do diferente potencial de aprendizaxe dos mesmos.

Mediante os principios que inspiran unha educación de calidade, como a equidade, a inclusión educativa, a non discriminación, a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade do alumnado, trataremos de conseguir o éxito escolar de todos os alumnos e alumnas. Partimos dun modelo de educación personalizada que, dende unha oferta curricular común, ofrece respostas diferentes e axeitadas ás diferentes capacidades, intereses e motivación do alumnado do noso centro.

Tendo en conta este marco referencial entendemos o Plan de Atención á Diversidade como o conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e didácticas que o centro diseña e pon en práctica para proporcionarlle a toda o alumnado a resposta educativa máis acorde coas súas necesidades educativas.

Con esta adecuación trátase de conseguir que cada quen alcance o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e adquiera as Competencias Básicas (Infantil) e Competencias Clave (Primaria) así como os obxectivos establecidos para cada unha das etapas.

A diversidade do alumnado maniféstase fundamentalmente a través da diversidade de:

- Capacidade e ritmo de aprendizaxe.
- Motivación e expectativas cara a aprendizaxe.
- Ideas, actitudes e valores.
- Orixe social, cultural e racial.

Esta diversidade fai que nos atopemos diante de situacións diferenciadas de aprendizaxes. Atendendo á Orde do 8 de setembro de 2021:

- Alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Alumnado con necesidades educativas especiais.
- Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural.
- Alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

1.2. Contexto legal

Neste apartado referenciamos a normativa básica que condiciona e regula os diferentes aspectos relacionados coa atención á diversidade nos centros educativos.

- Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (DOG21/10/1996).
- Orde do 22 de xullo de 1997, que regula aspectos da organización e funcionamento de escolas de Educ. Infantil e colexios de E.P. dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG02/09/1997).
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 27/04/1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/1998 (DOG 31/07/1998).
- Lei Orgánica do 3/2006 do 29 de decembro pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG9/09/2022).
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG26/09/2022).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/07/2011).
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de educación (DOG21/122011).

- Real Decreto 943 do 18 de Xullo de 2003 polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

1.3. Entorno socioeconómico, alumnado e profesorado

O C.E.I.P. Illa Verde de Lugo é un centro público de educación onde se imparten ensinanzas de educación infantil e educación primaria, é dicir, o alumnado deste centro está comprendido entre os 3 anos e os 12. É de dobre liña, polo que hai dous niveis de cada curso a excepción dos quintos cursos onde hai habilitadas tres clases. A ratio por aula difire entre os 17 alumnos/as en 4ºA de infantil e os 26 en 6ºA de infantil e 2ºA e B de primaria. En total hai 441 alumnos/as: 129 en educación infantil e 312 en primaria.

Este centro está situado na zona Sur da capital de Lugo, zona que está formada por parellas novas, xa que é unha zona de crecemento da cidade ademais de ser zona onde está sito o Campus Universitario.

O nivel socioeconómico das familias está situado dentro do medio – alto, non presentando dificultades económicas, aínda que algunhas familias que presentan dificultades por ser familias desestruturadas ou por pertencer a ambientes económicos desfavorecedores.

O centro conta cun total de 34 profesores/as, a maior parte son definitivos, aínda que tamén hai mestres provisionais, en comisión de servizos e mestres substitutos. Hai 19 titores, 2 mestras de apoio a Educación Infantil, 5 mestres especialistas, 4 mestres de PT (unha definitiva, dúas de atención preferente e unha de carácter provisional), 2 mestras de AL (unha definitiva e unha de atención preferente), 2 mestres de Inglés, 1 mestra de Relixión Católica, 1 Director especialista en Educación Física, 1 Xefe de Estudos con titoría en Educación Primaria, unha Secretaria con titoría en Educación Infantil e unha Orientadora como Xefa do D.O.

Dentro do persoal non docente dispoñemos de 2 ATE (auxiliares técnicos educativos) , un administrativo, unha conserxe e persoal de limpeza.

O noso centro conta con xornada continuada de 9:00 a 14:00, contamos tamén con escola aberta, de uso voluntario, dende as 7:30 e con actividades extraescolares dende as 16:00 ata as 18:00. Tamén hai servizo de catering voluntario, contratado por unha empresa externa á administración educativa.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES EDUCATIVAS

Tendo en conta o alumnado e recursos persoais dos que dispón o centro, a detección e valoración de necesidades efectuémosla, como se explica con maior amplitude máis adiante, empregando a información proporcionado polos docentes, pola información aportada pola familia e por aquela outra información que ten o DO.

2.1. Alumnado obxecto do Plan

De xeito sintético, o plan vai dirixido a:

- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar:
 - Necesidades educativas especiais, derivadas de discapacidade, trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe.
 - Altas capacidades intelectuais.
 - Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación
 - Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.
 - Retraso madurativo.
 - Trastornos de atención ou de aprendizaxe.
 - Situación de vulnerabilidade socioeducativa.
 - Incorporación tardía ao sistema educativo.
 - Por condicións persoais ou de historia persoal.
- Alumnado con desfase curricular de máis dun ano que requira compensación das desigualdades en educación, por factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.
- Calquera outro alumno ou alumna que nun momento dado requira dunha atención específica.

2.2. Identificación das necesidades educativas

2.2.1. Actividades de inicio de curso:

Cando un titor/a se fai cargo dun grupo novo, reunirse durante a primeira quincena de setembro coa titora ou titor anterior, se é que está presente. Se non revisará o expediente de cada alumno para recadar información, consultará tamén a información que está no Xade para coñecer as características do grupo e individuais do curso que vai ser titor/a.

Ó mesmo tempo o Departamento de Orientación achegará información sobre o alumnado que conte con informe psicopedagóxico ou outro tipo de informe, ben do Departamento de Orientación, do EOE, médico... se os hai, transmitindo esa información relevante ao titor/a.

Ao comezo do curso, as actividades lectivas co alumnado irán enfocadas á realización dunha avaliación inicial, baseándose nos criterios mínimos do curso anterior. O procedemento a empregar será a análise das tarefas que se realicen no desenvolvemento cotiá das clases. Esta avaliación inicial é unha medida ordinaria de atención á diversidade encamiñada a determinar o nivel xeral do grupo nas distintas áreas, así como as carencias individuais en cada unha delas.

Os beneficios desta avaliación inicial concréntanse nos seguintes ámbitos:

- Manifestación das necesidades educativas do grupo e de cada alumno/a.
- Establecemento das prioridades de traballo.
- Introducción das adaptacións nas programacións de área, unha vez recoñecida a realidade do alumnado.
- Adopción doutro tipo de medidas que afecta á organización por unha mellor atención á diversidade.

Son responsables desta avaliación inicial as persoas encargadas das titorías e o profesorado especialista das distintas áreas curriculares.

Por outra banda, a persoa encargada dunha titoría manterá una entrevista coa familia do alumnado de nova incorporación ao centro, a fin de coñecer información significativa. Transcorrido un tempo dende a súa incorporación, un mes aproximadamente, manterase outra entrevista coa familia para coñecer como se está desenvolvendo o proceso de adaptación ao centro.

Atendendo á Orde do 8 de setembro de 2021, o profesorado especialista de PT e AL atenderá, dende o inicio de cada curso escolar, ao alumnado con NEE, con carácter prioritario, sen prexuízo de que, excepcionalmente poda atender a outro alumnado con NEAE sempre que dispoña de horas. O apoio realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria e nas demais sesións nas que o alumnado con NEE non dispoñan da atención destes especialistas permanecerán na súa aula de referencia coa atención individualizada que cada un deles precisa (material adaptado, SAC...).

2.2.2. Procedemento para a solicitude de intervención do DO

Ao comezo de curso ou ao longo deste, se o/a titor/a detecta necesidades nalgúns ámbitos do desenvolvemento do alumnado deberá seguir os seguintes pasos:

En primeiro lugar deberá recompilar información a través de observacións, da avaliación inicial, do traballo do alumno... así como intercambiar información coa familia.

A partir dos datos obtidos, tentará dar una resposta educativa axeitada ás necesidades detectadas, sempre con medidas ordinarias e de forma normalizada. No caso de que se consiga, péchase o ciclo de detección.

No caso de que non consiga una melloría, demandará a colaboración ao orientador/a do centro, que revisará as medidas que se están levando a cabo e asesorará no deseño doutras posibles medidas de reforzo encamiñadas a solucionar as dificultades detectadas no proceso de ensino-aprendizaxe.

Cómpre sinalar que sempre se tentará dar resposta ás necesidades do alumno/a dentro das medidas ordinarias. Si se consegue, péchase o ciclo de intervención.

Se non se consegue, o/a titor/a realizará una demanda de intervención por escrito que se concretará no cuestionario a tal efecto (Solicitude de Intervención DO, anexo II).

Recollida a demanda, e a partir da información rexistrada polos profesionais mencionados, observarase ao alumno/a na aula, as súas producións escolares, e plantexarase una hipótese sobre cal pode ser o problema. Do mesmo xeito realizarase una avaliación que terá como fin coñecer as necesidades globais para a ensino-aprendizaxe do alumno/a e a toma de decisión para planificar a proposta educativa nas áreas que se considere que deben ser melloradas.

Se as dificultades non se resolver, darase inicio á avaliación psicopedagóxica. Naqueles casos necesarios:

- Colaborará na elaboración das AC.
- Solicitude colaboración EOE.
- Elaborará Ditame de Escolarización e tramitación do mesmo.

Do mesmo xeito a solicitude de intervención do DO tamén pode xurdir dende o equipo directivo, a inspección educativa e/ou a familia do alumno/a (Anexo XI).

2.2.2.1. Procedemento xeral para efectuar unha avaliación psicopedagóxica.

Seguiremos basicamente os pasos que de seguido se detallan:

- O/A titor/a detecta a necesidade.
- O/A titora informará á familia sobre a necesidade de avaliación do seu fillo/a. Previamente a calquera actuación, a familia firmará a súa conformidade ou desconformidade. Logo o titor/a fará a solicitude de intervención, cubrindo un anexo, que entregará ó/á xefe/a do Departamento de Orientación.
- O/a titor/a informará acerca da competencia curricular nas áreas instrumentais básicas, necesidades educativas, estilo de aprendizaxe, ademais doutros aspectos relevantes para a atención do escolar.
- A continuación o/a orientador/a realizará a avaliación.
- Acabada a mesma, informará sobre o resultado ao titor/a, quen informará ao resto do profesorado que lle da clase ao escolar. Ademais, informarase tamén á familia, podendo estes solicitar unha copia do mesmo.
- Deixarase constancia por escrito nun informe de avaliación psicopedagóxica que formará parte do expediente escolar do /alumno/a.
- Tomaranse as medidas oportunas segundo as necesidades detectadas.

2.2.3. Detección de novo alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de condicións persoais, de discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou graves trastornos de personalidade ou conduta.

Cando un mestre ou mestra detecta un escolar con problemática condutual ou de aprendizaxe significativo, poñerase en marcha un protocolo de actuación que implica unha reunión inicial do titor/a e/ou do xefe/a de estudos co orientador e, no seu caso, unha posterior avaliación psicopedagóxica.

Empregaremos os seguintes instrumentos e procedementos coa participación dos profesionais que se sinalan:

- Entrevista inicial do titor/a coa familia do alumno que inicia Educación Infantil.
- Observación do titor/a ao alumno/a
- Observación do profesorado que imparte clase no grupo.
- Valoración efectuada polo DO. a partir da demandado docente ou da familia.
- Derivación a outros servizos (EOE, pediatra, neuro-pediatra etc) co obxecto de clarificar ou delimitar o diagnóstico.

Os resultados obtidos do procedemento empregado determinarán:

- Tipo de apoio persoal ou material que necesita.
- Se necesitará unha adaptación significativa, e en que áreas.
- A coordinación entre o titor/a, o equipo docente, o profesorado de PT. e AL e o xefe/a de estudos.
- Os criterios de avaliación e seguimento do proceso.

A detección pode ter lugar en momentos anteriores á escolarización no centro educativo para o 4º Nivel do 2º Ciclo da Educación Infantil. Neste caso, unha vez que o alumno/a se incorpore ao centro a orientadora, en colaboración cos mestres/as de PT e AL e titor/a revisará todo tipo de informes e outra información que aportara a familia no momento da matrícula.

Cando se trata de alumnado que na súa solicitude optou a unha praza para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en 4º de Educación Infantil o 1º da Educación Primaria, procederáse da seguinte forma:

- O/A orientador/a efectuará unha avaliación psicopedagóxica inicial. Para a que revisará a información aportada polos pais para facer uso desta medida, logo fará unha valoración ao alumno/a e unha entrevista aos pais.
- Unha vez elaborado este informe, enviarase á Inspección Educativa, co fin de que se tramite a avaliación do especialista correspondente do EOE, que emitirá un informe dirixido á Comisión de Escolarización.
- Esta comisión determinará a conveniencia ou non da súa escolarización no centro solicitado.
- En caso afirmativo elaborárase un Ditame de Escolarización para este alumno/a neste centro. Este ditame será elaborado polo xefe/a do Departamento de Orientación que pode pedir a colaboración do EOE. Neste ditame quedarán reflectidas as súas necesidades e os recursos que precise.

2.2.4. Alumnado con sobredotación intelectual

Cando se detecta un posible caso de sobredotación intelectual, ponse en marcha o mesmo protocolo de actuación que no caso anterior, adoptándose as medidas que se estimen máis axeitadas que contempla a nosa lexislación e que se citan máis adiante no apartado 4. Ademais terase en conta o Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais da Xunta de Galicia.

2.2.5. Alumnado de integración tardía ao noso sistema educativo.

A persoa encargada da titoría xunto co profesorado especialista de área:

- Efectuará unha avaliación inicial e especificará as áreas que precisan de algún tipo de adaptación.

- Recollerá información sobre a situación sociocultural e familiar do alumno/a, mediante entrevistas coa familia e outros organismos oficiais relevantes para o caso que nos ocupa.

O orientador/a completará a información achegada, se fose o caso, fará unha valoración e emitirá un informe de avaliación psicopedagóxica sobre o nivel aptitudinal, estilo de aprendizaxe e metodoloxía máis acorde coas características do alumno/a.

A partir desta información determinarase:

- Modalidade de apoio.
- A necesidade de deseñar medidas adaptadas.
- Coordinación entre o profesorado.
- Criterios de avaliación e seguimento do proceso.

Consideraremos alumnado obxecto de medidas de atención á diversidade, aquel que tendo una idade entre os 3 e os 12 anos proceda do estranxeira, e trala correspondente avaliación, reúna algunhas das seguintes necesidades educativas:

- Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma (galego e castelán).
- Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
- Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debido a razóns culturais ou sociais.

Deste xeito en primeiro lugar, terase que levar a cabo una avaliación inicial por parte do profesorado.

Posteriormente teranse en conta as seguintes medidas de atención ás necesidades:

- De tipo curricular:
 - Reforzo educativo
 - Adaptacións curriculares
 - Flexibilizacións de idade.
- De tipo organizativo:
 - Grupo de adquisición de linguas
 - Grupos de adaptación de competencia curricular.

2.2.6. Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (lingua escrita, lingua oral, lectura, razoamento lóxico, etc.)

Este alumnado deberá contar con:

- Información recadada polo titor/a.
- Informe do orientador/a.
- Información socio-familiar obtida na entrevista realizada coa familia.
- Valoración do equipo docente sobre as materias nas que presenta dificultades.

A partir de toda esta información determinaranse as posibles medidas:

- Adaptacións curriculares que procedan.
- A modalidade de apoio ou reforzo.
- Tipos de actuacións educativas no grupo-clase.
- Coordinación do profesorado nas áreas nas que necesita reforzo.
- Criterios de avaliación e seguimento.

2.2.7. Alumnado con desfase curricular de máis dun ano asociado a situación de desvantaxe sociocultural ou de outra índole

Deste alumnado recollerase a seguinte información:

- Valoración do titor/a sobre a avaliación inicial realizada e especificación das materias que precisarían adaptación curricular significativa.
- Informe psicopedagóxico sobre o nivel aptitudinal, estilo de aprendizaxe e metodoloxía máis acorde coas características do alumno/a , que será elaborado polo orientador/a.
- Informe da situación sociocultural e familiar do alumno/a, obtida mediante entrevista do titor/a e do orientador coa familia e outros organismos oficiais relevantes para o caso...

A partir desta información determinarase:

- Modalidade de apoio (Horarios, características da atención, etc).
- A necesidade de realizar adaptacións do currículo.
- Coordinación entre o profesorado.
- Criterios de avaliación e seguimento do proceso.

2.3. Necesidades detectadas

2.3.1. Alumnado

Neste curso escolar 2022/2023 as necesidades detectadas son atendidas polas mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe así como polas mestras e mestres con dispoñibilidade horaria. Atendendo ao disposto na Orde do 8 de setembro de 2021 o apoio das mestras especialistas en PT e AL dirixirase especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente atenda a outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Enténdese por alumnado con necesidades educativas especiais aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, presenza, participación ou o seu aprendizaxe derivadas de discapacidades ou trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela e que requiren de determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

As mestras especialistas en Audición e Linguaxe centraranse prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala e as especialistas en Pedagogía Terapéutica realizarán a súa atención docente directa, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado que apoia. Fóra da aula ordinaria terá carácter excepcional e deberá constar no informe psicopedagóxico, tendo unha distribución semanal equilibrada sen que poda exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais.

2.3.2. Recursos

Como xa dixemos anteriormente o CEIP “Illa Verde” conta cunha orientadora, con 4 mestras de PT, unha definitiva no centro, unha con carácter provisional e dúas están por escolarización de alumnado de atención preferente, e 2 mestras de AL, unha definitiva no centro e outra en comisión por escolarización de alumnado de atención preferente.

Actualmente, debido á severidade das dificultades que presentan varios alumnos e alumnas e a cantidade de casos con dificultades na linguaxe, o profesorado de PT e AL ten moi limitada a dispoñibilidade horaria para poder atender a alumnado con NEAE distinto do que presenta NEE.

2.3.3. Formación do profesorado

O centro está levando a cabo varios proxectos de formación en centro cunha participación moi significativa. Ademais cada especialista estase formando acudindo a cursos, ou xornadas que convocan entidades públicas ou privadas.

No presente curso 2022/2023 estanse realizando seminarios relacionados coa mellora nos aspectos relacionados coas novas tecnoloxías, co plan dixital e tamén coa atención á diversidade (máis especificamente cos trastornos condutuais e os trastornos do espectro autista).

3. OBXECTIVOS DO PLAN

Pretendemos proporcionar ao alumnado en xeral unha resposta educativa axeitada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.

Para ilo, propoñemos:

- Educar na tolerancia e respecto polas diferenzas.
- Procurar a inclusión educativa e social de todos os alumnos e alumnas do centro, especialmente dos que posúen NEAE, mediante contextos que permitan o mellor desenvolvemento posible das súas capacidades.
- Promover unha atención máis axustada ás posibilidades de cada alumno e alumna.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, de actuación e de metodoloxía, adaptadas ás necesidades de cada alumno/a para que poda acadar os obxectivos mínimos.
- Incorporar accións cara a prevención das dificultades de aprendizaxe na área da linguaxe, fundamentalmente.
- Coordinar o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con características especiais.
- Organizar o sistema de apoios e reforzos baseándonos nuns criterios claros para favorecer a integración do alumno/a no grupo clase.
- Establecer pautas de coordinación entre todos os profesionais implicados no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Optimizar a distribución de recursos humanos cos que conta o centro para atender a todas as necesidades se é posible.
- Impulsar a colaboración e coordinación do centro con outras institucións e asociación, respectando o protocolo de actuación que para estes casos aprobou o claustro e o consello escolar do centro.
- Favorecer a participación e colaboración das nais e país no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓN, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4.1. Actuacións

4.1.1. Da administración educativa:

- Garantir unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo na planificación de ofertas de prazas escolares nos centros sostidos con fondos públicos.
- Realizar a dotación de recursos necesarios para ofrecer unha educación equitativa e de calidade, dentro dos principios inclusivos e de individualización da intervención educativa.
- Adecuar os centros docentes ás disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade universal.
- Impulsar acción, medidas e programas dirixidos, entre outros, a: compensación de desigualdades en educación, prevención do absentismo escolar, mellora da convivencia, transición á vida laboral e promoción da aprendizaxe ao longo da vida.
- Impulsar a formación de todo o profesorado na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Adoptar cantas outra actuacións se determinen para propiciar a calidade e a equidade no ámbito de atención á diversidade.

4.1.2. Do centro:

O centro educativo, no exercicio da súa autonomía e singularidade, debe establecer as actuacións que levará a cabo para adecuar a resposta educativa á diversidade.

Contemplamos as seguintes actuacións:

- Velar porque se apliquen os criterios establecidos para a formación de grupos ao comezo da etapa da Educación Infantil.

- Na distribución das aulas para cada grupo terase en conta a presenza de alumnado con posibles dificultades derivadas de nel (discapacidade visual, motora...), que puidesen necesitar determinadas condicións espaciais, de iluminación, proximidade aos baños, mobiliario adaptado , recursos técnicos, situación no andar...
- A organización dos horarios terá en conta ao alumnado que recibe asistencia médica externa (Hospital materno infantil, Equipo de Atención Temperá...) para minimizar as posibles repercusións que esta asistencia puidera ter no seguimento normal do currículo por parte do alumno/a.
- Favorecer a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.
- Potenciar a acción titorial.
- Promover a implicación da nais, país ou titores legais do alumnado no proceso educativo.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias na atención á diversidade.
- Adoptar todas aquelas medidas que favorezan a atención á diversidade do alumnado, no marco establecido polos órganos competentes.

4.2. Medidas de atención á diversidade

4.2.1. Medidas ordinarias

Son todas aquelas medidas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características de todo o alumnado, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

Teñen como finalidade dar respostas ás diferenzas que presenta o alumnado en canto a competencia curricular, motivación, intereses, estratexias, estilo e ritmo de aprendizaxe, para que todos os alumnos e alumnas poidan acadar os obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Atendendo á lexislación vixente entre as medidas ordinarias de atención á diversidade contemplamos as seguintes:

➤ ***Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado***

Con visión inclusiva, de equidade, heteroxeneidade e optimización de recursos. Estableceranse criterios para a elaboración dos horarios do alumnado, a asignación de titorías, o agrupamento do alumnado e a distribución das aulas e espazos (acceso a recursos, flexibilidade de agrupamentos e todo o que favoreza a interacción, convivencia e aprendizaxe compartido.

➤ ***Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu entorno.***

As programacións didácticas deben estar guiadas polo estilo pedagóxico do centro, artellado no proxecto educativo. O profesorado desenvolverá as programacións didácticas considerando ese estilo pedagóxico, o nivel curricular de cada alumno e alumna e as axudas que precise, e tendo en conta os principios do deseño universal da aprendizaxe, facilitando espazos de participación para todo o alumnado.

➤ ***Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.***

As liñas metodolóxicas definidas no proxecto educativo deben garantir a inclusión e os axustes necesarios tendo en conta a realidade de cada alumno e alumna. Na planificación docente poderán empregarse distintas estratexias de traballo colaborativo, tales como os grupos heteroxéneos, a aprendizaxe por proxectos, a aprendizaxe servizo e a titoría entre iguais, entre outras. En todo caso, o profesorado empregará as alternativas metodolóxicas que mellor se adapten á construción que cada alumna e alumno deben facer do seu propio aprendizaxe, segundo as áreas, materias, espazos e tempos.

➤ ***Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.***

O profesorado adaptará os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación ás circunstancias do seu alumnado. Esta adaptación terá unha consideración especial no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Igualmente o profesorado informará a cada alumno e alumna sobre o desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparado o producido polo alumnado co esperado ou demandado polo profesorado.

➤ ***Aulas de atención educativa e convivencia***

Son aquelas nas que se atende, temporalmente, ao alumnado que, pola súa conduta pouco axeitada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo clase. O alumnado que se envíe a estas aulas deberán levar tarefas para realizar durante a súa permanencia nela, e o tempo de permanencia non excederá do que dure a sesión lectiva na que se producira a conduta inadecuada. Corresponde ao profesorado que remita alumnado a esa aula proporcionar as tarefas que cada alumno ou alumna deba realizar, así como corrixilas e avalialas.

O alumnado derivado á aula de atención educativa e convivencia deberá desenvolver un programa de habilidades e competencias sociais que se regula no artigo 53 da Orde do 8 de setembro de 2021.

As nais, pais ou persoas titoras legais do alumnado remitido a esta aula serán informadas, segundo o procedemento establecido no centro, cada vez que asistan a esta aula e indícaráselles o motivo desta remisión.

A xefatura de estudos levará un rexistro do alumnado derivado, o profesorado que o deriva e os motivos.

➤ ***Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria***

Afecta á secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, á organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe. As medidas de reforzo debe elaboralas o mestre ou mestra de cada materia na que o alumno ou alumna precise esta medida, tendo coñecemento o titor ou titora que informará á xefatura de estudos e á nais/pai ou persoa titora legal.

O desenvolvemento de estas medidas levarase a cabo no contexto escolar ordinario e o polos mestres da materia, podendo contar coa colaboración dos mestres e mestras con dispoñibilidade horaria.

Con carácter xeral, as medidas de reforzo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo un modelo deseñado polo departamento de orientación que será arquivado segundo o procedemento establecido no centro escolar (Anexo I).

➤ **Programas de enriquecemento curricular**

Son programas de tratamento personalizado destinados ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. A súa finalidade é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquiredanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifieste este alumnado, e manter o seu nivel de motivación.

As persoas especialistas en altas capacidades dos Equipos de Orientación Específicos, no contexto da súa función de asesoramento, darán a coñecer ao departamento de orientación pautas sobre ditos programas. Será o equipo docente dese alumnado quen o desenvolva co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

Os programas deberán desenvolverse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso no que estea escolarizado o alumno ou alumna. É competencia e responsabilidade do profesorado de cada materia a oferta de actividades e a organización da aula.

Con carácter xeral, a participación nun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación.

➤ ***Plan específico de reforzo para o alumnado de primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso***

Cando un alumno ou alumna permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Deberá ser elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan debe incluír polo menos:

- Identificación do alumno ou alumna.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se empregarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- No seu caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

➤ ***Programas de habilidades e competencias sociais***

As competencias e habilidades sociais, atendendo á Orde do 8 de setembro de 2021, representan un conxunto de procesos cognitivos, socioafectivos e emocionais que desenvolven as capacidades para levar a cabo comportamentos socialmente adecuados e o desenvolvemento dunha convivencia positiva.

Tendo en conta a igualdade de oportunidades para desenvolver os principios de igualdade de trato, non discriminación por razóns de nacemento, orixe racial ou étnico, sexo, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero, desenvolveranse programas de habilidades e competencias sociais para a totalidade do alumnado, para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas, a interacción satisfactoria, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos, e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia.

Estas actuacións desenvolveranse en todas as materias e terán a consideración de elementos transversais do currículo.

Igualmente dende o Departamento de Orientación elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración.

Tamén se realizará un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistir ao centro escolar.

Este programa aplicarase de xeito coordinado entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar ao resto do profesorado, familias e, no seu caso, aos servizos sociais correspondentes para lograr conxuntamente o desenvolvemento axeitado do proceso educativo e das accións propostas.

O seguimento e avaliación dos programas será realizada polo departamento de orientación

4.2.2. Medidas extraordinarias

Son aquelas medidas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse tendo unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes.

Estas medidas extraordinarias aplicaranse unha vez esgotadas as medidas ordinarias ou por resultar estas insuficientes. Para a súa aplicación será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Contemplamos as seguintes medidas extraordinarias:

➤ ***Adaptación curriculares significativas***

Están destinadas para aquel alumnado cunhas expectativas de progreso que non se corresponden co currículo do curso no que están escolarizados, elaborando unha ACS nas áreas que se considere necesario, unha vez esgotadas todas as medidas ordinarias de reforzo educativo. No informe de avaliación psicopedagóxico deberá estar sinalada a necesidade de levar a cabo esta medida.

As adaptacións curriculares poderán afectar a alumnado con necesidades educativas especiais, a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha adaptación que implique o traballo de obxectivos e contidos de dous curso anterior.

As adaptacións curriculares suporán a modificación, ampliación, redución ou supresión de parte ou todos os elementos prescriptivos do currículo. Deben axustarse ao nivel de competencia curricular do alumno ou alumna, ao seu desenvolvemento e ao potencial da súa aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais.

Para a súa elaboración partírase do currículo de referencia, entendendo este como o do ciclo ou nivel no que esta matriculado para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai a desenvolver ao longo do ciclo ou curso.

Deberase ademais informar á familia da necesidade de adoptar esta medida de atención á diversidade, do que quedará constancia por escrito.

Procedemento xeral para a elaboración das ACS:

- Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación. Neste informe constará o nivel de competencia curricular, aportado polo profesorado das materias susceptibles de adaptación e coordinado polo profesorado titor. Este nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular, a zona de desenvolvemento próximo, determinadas no informe psicopedagóxico.
- Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos dunha reunión á que deben asistir o equipo docente e a xefatura do departamento de orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidirse a pertinencia ou non da elaboración da adaptación do currículo e as áreas ou materias a adaptar. A xefa ou xefe do departamento de orientación redactará e custodiará a acta desta reunión.
- Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte. Este profesorado será ademais o responsable de desenvolver e avaliar a adaptación curricular en colaboración, no seu caso, co profesorado de apoio do alumnado con necesidades educativas especiais. En todo este proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

A xefatura do departamento de orientación conformará o expediente da adaptación que se axustará ao modelo que figura no anexo II e se acompañará da copia da acta da reunión na que se decidiu realizar a adaptación.

A dirección do centro enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial da Inspección Educativa, a quen lle compete a súa autorización. Con carácter xeral enviarase antes da finalización do mes de novembro, excepto no caso de adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.

Formarán parte do expediente do alumno ou alumna unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial da Inspección Educativa.

O desenvolvemento das adaptacións realizarase, na maneira do posible, no contexto da aula ordinaria, coordinado polo profesorado titor, quen convocará reunións de seguimento que se estimen necesarias. A avaliación de cada área ou materia corresponde ao profesorado cas imparte, coas aportacións do profesorado de apoio, se é o caso, e conforme aos criterios de avaliación establecidos na adaptación.

As cualificacións estableceranse nos mesmos termos que os establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza na que está matriculado o alumnos/a.

Os referentes de avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na adaptación, sen que isto poda impedirle promocionar ou titular.

A información das avaliacións que se lle facilite ás familias incluírá as cualificacións obtidas nas áreas ou materias adaptadas. Tamén se incluírá unha valoración cualitativa do progreso do alumno ou alumna, sendo o responsable de elaborar e trasladar esta información o profesorado titor coa colaboración do equipo docente e a xefatura do departamento de orientación.

A duración das adaptacións curriculares poderá ser dun ciclo ou dun curso, en función da etapa educativa na que se escolarice a alumna ou alumno. Calquera modificación que se realice referida aos elementos prescriptivos do currículo da adaptación curricular autorizada requirirá dunha nova autorización por parte do servizo territorial da Inspección Educativa.

As nais, pais ou persoas titoras legais teñen dereito a que se lles facilite por parte do centro docente, e previa solicitude, unha copia da adaptación curricular autorizada.

Elementos que debe ter unha ACS:

- Datos persoais (nome e apelidos, data e lugar de nacemento, etapa e curso no que está escolarizado, currículo de referencia, período de tempo para o que se propón a ACS).
- Datos físicos e de saúde.
- Datos psicosociais (nivel intelectual e aptitudinal, rasgos de personalidade, intereses, adaptación persoal e social).

- Datos do contorno socio-familiar.
- Datos do contorno escolar (formas organizativas do centro, organización da aula, relación e participación dos distintos servizos educativos).
- Datos pedagóxicos (competencia adquirida respecto do currículo de referencia, necesidades educativas respecto do currículo de referencia).
- Áreas curriculares adaptadas (obxectivos, contidos e criterios de avaliación).
- Recursos materiais e persoais cos que se conta.
- Planificación do seguimento (data, persoas que interveñen, rendemento, adecuación de recursos e da programación ó remate de cada curso).
- Profesionais participantes.
- Constancia de ser informada a familia e expresar o seu acordo ou desacordo con dita medida.
- Lugar e data, asinado polo titor/a, profesional especialista de área, PT e/ou AL, xefe/a DO e co visto e prace da dirección do centro.

➤ ***Agrupamentos flexibles.***

Consisten en agrupamentos temporais do alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias nas que precisa unha atención máis individualizada, e ao que a oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non son suficientes. Estes agrupamentos só se poderán realizar nos dous últimos cursos da educación primaria.

O alumnado enviado a un agrupamento flexible pertencerá a un mesmo nivel educativo, e manterase a coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o do agrupamento flexible. Esta medida ten carácter reversible.

Os agrupamentos poderán realizarse prioritariamente nas áreas ou materias de Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas, e o alumnado permanecerá nestes agrupamentos a totalidade do horario semanal da área ou materia. Unha mesma alumna ou alumno poderán derivarse a máis dun grupo flexible, sempre que non se superen, con carácter xeral, os 13 períodos lectivos da totalidade do horario semanal do grupo ordinario. O número máximo de alumnado de cada agrupamento flexible será de 8 en educación primaria.

Os agrupamentos flexibles non suporán a ampliación de unidades do centro por tratarse de agrupamentos temporais de carácter voluntario, e no seu caso deberán organizarse co profesorado con dispoñibilidade horaria e que se é posible xa imparta docencia ao alumnado que integre o agrupamento.

Procedemento para conformar un agrupamento flexible:

- Convocatoria dunha reunión por parte da xefatura de estudos despois da avaliación final ordinaria e no seu caso da extraordinaria á que asistirán a xefatura do departamento de orientación e o profesorado titor, para analizar a situación do alumnado con dificultades nas áreas ou materias que poderían ser obxecto de agrupamento flexible. En todo caso non poderá contar no mesmo curso académico con adaptación curricular na área ou materia na que se propón o agrupamento.
- Informe do profesorado titor sobre o alumnado que podería beneficiarse do agrupamento flexible.
- Informe da xefatura de orientación sobre as circunstancias do alumnado proposto.
- Información á familia sobre a medida e a súa conformidade expresa. O traslado desta información e a obtención da conformidade correrá a cargo do titor/a.

Durante o mes de setembro, a dirección do centro solicitará ao servizo territorial de Inspección Educativa a autorización do agrupamento flexible, incluíndo a seguinte información:

- Áreas ou materias que se impartirán nese agrupamento flexible, así como as programacións adaptadas de cada unha delas.
- A relación do alumnado seleccionado, con criterios de selección e das medidas ordinarias aplicadas a cada alumno/a.
- O horario semanal no que o alumnado permanecerá no agrupamento.

- A relación de profesorado que se encargará da docencia no agrupamento flexible.
- O procedemento de coordinación entre o profesorado do agrupamento flexible e o da área e materia do grupo ordinario.
- A conformidade expresa das familias.

A autorización dos agrupamentos flexibles compete ao servizo territorial de Inspección Educativa.

No caso de alumnado de nova incorporación ao centro, a decisión adoptárase tendo en conta a información aportada polo departamento de orientación do centro de procedencia, ou no seu caso, unha vez realizada a avaliación inicial. Neste caso a proposta realizarase ata o mes de xaneiro (incluído).

A avaliación e cualificación do alumnado dun agrupamento flexible corresponde ao profesorado que imparta esa área ou materia en dito agrupamento.

Ao finalizar o curso escolar, o profesorado titor do alumnado do agrupamento flexible, coa colaboración da xefatura do departamento de orientación e do profesorado que imparte as áreas ou materias do agrupamento, elaborará un informe individualizado de cada alumno/a no que se indicará a efectividade da medida e a proposta de continuidade para o curso seguinte, se procede.

A participación dun alumno ou alumna no agrupamento flexible farase constar nos documentos oficiais de avaliación. Calquera modificación dos agrupamentos será comunicada pola dirección ao servizo territorial de Inspección Educativa.

➤ ***Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e en Audición e Linguaxe.***

A intervención profesional do profesorado especialista en PT e AL é un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda a outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario nas etapas de educación infantil e primaria.

As súas funcións veñen recollidas na Orde do 3 de setembro de 2021 e son:

- Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

- Prestar atención docente directa ao alumnado con NEE, segundo a proposta de distribución realizada polo departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro, elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, en colaboración co profesorado e o asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

- Colaborar na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende así como no seguimento e avaliación das mesmas.

- Participar na planificación e desenvolvemento das actuacións e medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

- Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende (con voz e sen voto).

- Elaborar a final de curso un informe individual de cada alumno e alumna que atende, coordinado pola xefatura do departamento de orientación.

O apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.

A atención directa por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria. Fóra da aula esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico e terá unha distribución semanal equilibrada, non excedendo a terceira parte dos períodos lectivos semanais, excepto co alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderase realizar, con carácter xeral, en pequeno grupo con un máximo de 5 alumnos/as de forma simultánea.

No referido aos programas de intervención que deben elaborar os mestres especialistas en PT e AL deberán considerar, polo menos:

- As competencias adquiridas e as necesidades educativas que presenta a alumna ou alumno, que deben constar no informe psicopedagóxico.

- O currículo de referencia do alumno/a. E no caso de alumnado con adaptación curricular, deberá considerar o currículo adaptado.
- O enfoque metodolóxico.
- A coordinación co profesorado de área ou materia na que o alumno ou alumna recibe o apoio.
- O seguimento e avaliación do programa que incluírá indicadores de avaliación. Esta información darase a coñecer ao equipo decente a lo menos nas sesións de avaliación.

Ao finalizar o curso escolar o profesorado de apoio elaborará unha memoria que entregará á xefatura do departamento de orientación para incluíla como anexo na memoria anual do departamento e na que incluírá polo menos os seguintes aspectos:

- Cantidade de alumnado ao que apoiou ao longo do curso, indicando a etapa e nivel.
- Valoración da coordinación co profesorado titor ou das áreas nas que apoiou.
- Valoración da repercusión das medidas de apoio ao alumnado.
- Previsións para o curso seguinte e as propostas de mellora, no seu caso.

A priorización do alumnado a atender e o tempo de atención do mesmo, sempre que non se poida satisfacer plenamente as necesidades, rexerese polos seguintes criterios:

1. Alumnado con NEE derivadas de discapacidade sensorial, motora e/ou intelectual; trastornos graves de conduta e trastornos graves da comunicación e a linguaxe.
2. Alumnado que teña unha adaptación curricular significativa.
3. Alumnado que teña informe psicopedagóxico por presentar NEAE por TDAH, DEA, Altas Capacidades, problemas emocionais e/ou de conduta.
4. Alumnado que repita curso.
5. No caso de quedar con horario dispoñible, a especialista en AL marcará as prioridades o tipo de dificultade que presente o alumnado con NEAE priorizando

os problemas de fala que limiten a comunicación, problemas da linguaxe, e, por último as dificultades relacionadas coa fala (na articulación), sendo prioridade os nenos/as de menor idade.

En tódolos casos terase en conta o criterio de continuidade dos apoios dun curso a outro, tanto do alumnado como do profesorado de apoio (PT e AL).

➤ ***Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil e primaria.***

Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse de alumnado con altas capacidades intelectuais ou con necesidades educativas especiais.

Por redución da duración do período de escolarización de alumnado con altas capacidades intelectuais considéranse as seguintes flexibilizacións:

- Na etapa de educación infantil: redución dun ano escolar para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais, podendo comezar a educación primaria no ano natural en que se cumpren os 5 anos de idade.
- Na etapa de primaria: redución dun ano escolar, independentemente de que se reducira ou non a permanencia en infantil, para o alumnado con altas capacidades intelectuais. Esta redución afectará con carácter xeral, ao segundo curso do ciclo de modo co alumnado que reduce a duración do período de escolarización poda realizar o novo ciclo completo, comezándoo no seu primeiro curso, e non afectará, con ese mesmo carácter ao último curso da etapa.

O procedemento para acollerse á flexibilización por redución do período de escolarización é o seguinte:

- Solicitud da dirección do centro á xefatura territorial aportando a seguinte documentación: informe do profesorado titor no que se xustifica a necesidade desta medida, informe psicopedagóxico no que conste a acreditación da alta capacidade e se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas,

conformidade expresa da familia, copia do historial académico e do informe persoal e proposta de adaptación do currículo.

- A documentación anterior, xunto co informe do servizo territorial de Inspección Educativa, será remitida pola xefatura territorial da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Os prazos para tramitar e resolver estas solicitudes son: no mes de marzo a dirección remite as solicitudes, no mes de abril a xefatura territorial traslada á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, e no mes de xuño fanse as resolucións e comunícanse á dirección do centro que as trasladará ás persoas interesadas.

Por ampliación da duración do período de escolarización considéranse as seguintes flexibilizacións:

- Na etapa de educación infantil: ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesta etapa máis aló dos 7 anos de idade, cumpridos no ano natural en que finaliza o curso escolar. Cando esta ampliación se produza no primeiro ciclo de infantil, a incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo.
- Na etapa de primaria: ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais que non poderá permanecer nesta etapa máis aló dos 15 anos de idade, cumpridos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo, unha vez esgotada a medida excepcional de repetición de curso. Unha segunda ampliación extraordinaria dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais escolarizado a tempo completo nunha unidade de educación especial ou nun centro de educación especial, non podendo permanecer nesta etapa máis aló dos 15 anos, cumpridos no ano natural no que finaliza o curso escolar.

O procedemento para acollerse á flexibilización por ampliación do período de escolarización do alumnado escolarizado no terceiro curso do segundo ciclo de educación infantil e as etapas de primaria é o seguinte:

- Solicitude da dirección do centro á xefatura territorial aportando a seguinte documentación: informe do profesorado titor no que se xustifica a necesidade desta medida, informe psicopedagóxico da xefatura do departamento de orientación no que se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas, conformidade expresa da familia, copia do historial académico ou informe persoal e proposta de adaptación ao currículo.
- A documentación anterior, xunto co informe do servizo territorial de Inspección Educativa, será remitida pola xefatura territorial da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Os prazos para tramitar e resolver estas solicitudes son: no mes de abril a dirección remite as solicitudes, no mes de maio a xefatura territorial traslada á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, e no mes de xuño fanse as resolucións e comunícanse á dirección do centro que as trasladará ás persoas interesadas.

Con carácter xeral as medidas de flexibilización consignaranse no expediente académico do alumnado indicando a resolución pola que se autorizaron.

➤ ***Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro docente***

Para o alumnado que non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente, por prescrición médica, enfermidade, vulnerabilidade propia ou convivintes vulnerables como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, por lesión ou por permanecer ingresado nun centro hospitalario a tempo completo ou en hospitalización de día, establécense, para dar continuidade a o seu proceso formativo, as seguintes medidas específicas:

- Atención educativa domiciliaria: para alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes ou que padeza algunha enfermidade crónica que sexa causa de faltas de asistencia de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período de mínimo 6 meses. Esta prestación someterase a revisión como mínimo en cada avaliación, co obxectivo de reincorporar ao alumnado ao ensino presencial. O procedemento é o seguinte: solicitude da familia acompañada dos informes médicos nos que conste a conveniencia desta atención así como a previsión aproximada do tempo que precisará desta atención e o tempo de revisión da previsión; informe da dirección do centro docente respecto da dispoñibilidade ou non de profesorado do propio centro para desenvolver esta atención; traslado desta documentación á xefatura territorial nun prazo máximo de 5 días logo de recibir a solicitude; a xefatura territorial adoptará a resolución que proceda nun prazo máximo de 5 días, non podendo exceder dita resolución dun curso académico, concretando a asignación horaria e duración da atención. Esta resolución comunicaráse ao centro escolar que informará á familia. A designación de profesorado, a coordinación e a avaliación rexeráse polo disposto na Orde do 3 de setembro de 2021.
- Atención educativa hospitalaria: para alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario a tempo completo ou en hospitalización de día nalgunha das seguintes situacións: longa hospitalización de máis de 30 días, media hospitalización de entre 15 e 30 días ou curta hospitalización de menos de 15 días. O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe. A coordinación e avaliación rexeráse polo disposto na Orde do 3 de setembro de 2021.
- Atención educativa virtual: para alumnado vulnerable ou con familiares convivintes vulnerables que non acudan ao centro escolar como consecuencia dunha emerxencia sanitaria. Neste caso proporáse a adopción das medidas necesarias para a adecuación da resposta educativa correspondente. Esta atención educativa será realizada polo profesorado de cada área ou materia. No caso de

que esta atención non poda realizarse dende o centro escolar levarase a cabo polo equipo provincial de atención virtual ao alumnado. No momento no que o alumno ou alumna se incorpore ao centro escolar, a dirección deberá comunicalo á xefatura territorial.

➤ ***Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela***

O alumnado en situación de tutela, garda ou acollemento debe contar coas medidas de protección que garantan a súa escolarización e desenvolvemento integral. Será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

➤ ***Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso***

Considerase alumnado afectado por medidas de violencia de xénero aquel co acredite en termos que se establecen no artigo 5 da Lei 11/2007. Na atención educativa a este alumnado terase en conta: será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar; a súa escolarización en casos de cambio de centro docente; a continuidade do seu proceso educativo, adoptando as medidas de atención á diversidade que procedan, así como o coidado de todos os aspectos que favorezan o seu desenvolvemento persoal e social.

Considérase acoso escolar calquera modo de vexación ou malos tratos continuados no tempo dunha alumna ou alumno por outro, outra ou outros sexa este de carácter verbal, físico ou psicolóxico, tendo a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Na educación educativa deste alumnado terase en conta:

- A súa consideración como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

- As situacións probadas de acoso escolar terán consideración de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia ou faltas moi graves, polo que se tratarán segundo o establecido na normativa correspondente.
- Se as familias do alumnado acosado solicita un cambio de centro, o servizo territorial da Inspección Educativa deberá constatar a situación alegada e propor as medidas necesarias para a inmediata escolarización noutro centro docente.

Dende o centro escolar incorporaranse no Plan de Convivencia actuacións encamiñadas á prevención, detección e tratamento educativo das situacións de acoso escolar, incluíndose campañas de sensibilización dirixidas aos membros da comunidade educativa.

➤ **Atención ao alumnado pertencente a familias itinerantes**

Aquel que por razóns socioeconómicas da familia non pode asistir de maneira continuada ao mesmo centro docente, por ter que desprazarse entre diferentes localidades ao longo do curso escolar.

Este alumnado considerase, a todos os efectos, alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar. A xefatura territorial garantirá a escolarización deste alumnado nos centros docentes da contorna a onde se desprace a súa familia.

Dende centros aos que asista o alumno/a prestarase atención especial á inclusión e normalización, poñendo á súa disposición as medidas de atención á diversidade que precise e os servizos complementarios de transporte e comedor.

➤ **Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro**

Terá consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar. Este alumnado poderá participar no grupo de adquisición de linguas e/ou nun grupo de adaptación da competencia curricular se presentes, respectivamente, descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e/ou desfase curricular de dous cursos ou máis con respecto ao que lle correspondería por idade.

A súa escolarización realizarase segundo o proceso establecido na normativa que regula a admisión de alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

No momento da incorporación farase unha avaliación inicial, que de considerarse necesario completárase cunha avaliación psicopedagóxica. Se na avaliación se detecta desfase curricular de dous ou máis cursos, poderase escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao que lle correspondería por idade no caso de superar ese desfase. Esta medida só se aplicará ao alumnado de educación primaria.

Estas circunstancias, de producirse, comunicaranse ao servizo territorial de Inspección Educativa.

➤ **Grupos de adquisición de linguas**

Estes grupos son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade o impulso dunha formación inicial específicas nas linguas vehiculares da ensinanza, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que o/a alumno/a se atope escolarizado.

Esta medida, polo tanto, está dirixida ao alumnado que descoñeza completamente ambas linguas oficiais de Galicia.

O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre, se ben inspección educativa pode autorizar a ampliación excepcional deste período.

En todo caso, o alumno incorporárase plenamente ao seu grupo ordinario no momento que se considere superadas as necesidades educativas debidas ao descoñecemento das linguas.

Estes grupos poden desenvolverse en educación primaria, e excepcionalmente no último curso de educación infantil.

O alumnado que forme parte do grupo de adquisición de linguas deberá pertencer a una mesma etapa educativa, sen necesidade de que este escolarizado no mesmo curso/ciclo.

O horario semanal máximo de pertenza a este grupo será de 5 períodos lectivos no último curso de educación infantil, 10 no primeiro ciclo de educación primaria e 20 no segundo e terceiro ciclo de educación primaria.

Este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.

Coa finalidade de facilitar a integración escolar e social do alumnado, este permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de EF e Educación Artística.

No caso do último curso de Educación Infantil e primeiro ciclo de Educación Primaria, ademais das actividades específicas que se poden desenvolver no grupo de adquisición de linguas, tamén se levarán a cabo no entorno da aula ordinaria actividades de apoio ao aprendizaxe da lingua.

Este tipo de agrupamento requiren ser autorizados pola Xefatura Territorial, previa solicitude da dirección do centro e informe de Inspección Educativa., acompañado da seguinte documentación:

- Informe xustificativo do profesorado tutor.
- Relación do alumnado que conforma o grupo, indicando a etapa e o curso.
- Relación do profesorado encargado da docencia do grupo.
- Acreditación da información á familia.
- Especificación do período de tempo para o que se solicita o grupo, concretando o horario semanal e o tempo total para o que se propón.
- Programación ou plan de traballo para desenvolver o grupo de adquisición de linguas.

➤ **Grupos de adquisición de competencia curricular.**

Son agrupamentos de alumnado do segundo ou terceiro ciclo de educación primaria, procedentes do estranxeiro e quen sen contar con adaptación curricular, presenten un desfase de dous ou máis cursos nas áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas. Deberá ser aprobado por Xefatura Territorial, previa solicitude da dirección do centro e informe de Inspección Educativa.

Porén, cómpre sinalar que estes son agrupamentos flexibles que terán por finalidade o progreso do alumnado de competencia curricular, de xeito que se posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado.

O horario semanal máximo de permanencia en estes grupos será de 8 períodos. A permanencia nestes levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podendo estenderse a todo o curso escolar.

Tendo en conta que a finalidade destes grupos é conseguir que o alumnado poida incorporarse con normalidade ao seu grupo ordinario de referencia, en ningún caso o desenvolvemento das actividades do grupo de adaptación da competencia curricular poderá abarcar a totalidade do horario semanal de cada una das materias coas que coincide.

O profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular en educación primaria será calquera mestra ou mestre que conte con dispoñibilidade horaria. Este profesorado manterá unha estreita coordinación co profesorado titor do grupo ordinario ao que pertenza ese alumno ou alumna, contando co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

Tamén asistirá ás sesións de avaliación do alumnado ao que atende, con voz e sen voto, porto ca avaliación dese alumnado corresponde ao equipo docente ordinario. A familia será informada polo profesorado titor desta medida, sobre o seu progreso e a súa inclusión no centro docente.

5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

5.1. Criterios xerais para a atención á diversidade do alumnado:

- ✓ Cando as condicións e necesidades do centro o permitan, o profesorado dedicará parte das súas horas libres lectivas á atención de alumnado de reforzo, preferiblemente do nivel en que imparte clase. Estes reforzos faranse dentro da aula. No caso de ser posible, tentarase que un mesmo alumno/a sexa atendido polo menor número posible de profesorado.
- ✓ O reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria afecta á secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, agrupamento do alumnado e todo o incluído no ámbito da metodoloxía.
- ✓ Como norma xeral, os apoios realizaranse en horas que non sexan de especialidades, priorizándose o traballo nas áreas instrumentais.
- ✓ Os apoios ao alumnado con NEAE, incluíndo os de NEE, efectuaranse de maneira xeral dentro da aula ordinaria.
- ✓ O apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe está dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda a outro alumnado con NEAE. Como norma xeral, o alumnado con necesidades educativas especiais máis importantes, recibirá maior número de horas de apoio.
- ✓ O apoio realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria e nas demais sesións nas que o alumnado con NEE non dispoñan da atención destes especialistas permanecerán na súa aula de referencia.

- ✓ Sempre que se poida, procurarase adaptar o horario de clase ordinaria, exceptuando o das especialidades, para facilitar o traballo co alumnado con NEAE, especialmente os que reciben apoio de PT e AL.
- ✓ Sempre que sexa posible priorizarase a continuidade das mestras especialistas de PT e AL co alumnado que atendeu no curso anterior.
- ✓ Ao remate de cada curso, de cara á organización do seguinte, levarase a cabo unha previsión sobre a cantidade de horas de apoio para os escolares, en función das súas necesidades e as da escola.

5.2. Proposta curricular e profesionais implicados na resposta educativa.

A aula onde este escolarizado o alumno/a será o referente para deseñar as medidas de resposta. Por este motivo é necesario contemplar na programación de aula as necesidades de todo o alumnado do grupo, e de xeito especial, as adaptacións do currículo para o alumnado que as precise.

A detección do alumnado xa escolarizado no centro susceptible de medidas específicas de apoio realizaraa o titor/a, adaptando a resposta educativa a través das medidas ordinarias.

Cando estas medidas non sexan suficientes e se considere preciso empregar medidas extraordinarias, derivarase, para realizar unha avaliación psicopedagóxica por parte do departamento de orientación.

A partir da citada avaliación deseñaranse unha resposta educativa adaptada ás necesidades que se determinen.

O desenvolvemento de medidas de apoio conforme ás necesidades específicas concretas do alumnado basearase nas directrices que expoñemos deseguido:

A – Alumnado con necesidades educativas especiais

Proposta curricular	Profesionais implicados
Adaptacións curriculares	Titor/a Profesorado especialista de area Profesorado de PT e AL Orientador/a Xefe/a de estudos

B – Alumnado con problemas emotivo-relacionais e/ou de conduta.

Resposta educativa	Profesionais implicados
Resposta educativa na aula. Cando o caso o requira: <ul style="list-style-type: none"> • Programa de intervención específico con pautas para responder ás necesidades que presenta o/a alumno/a. • O programa de intervención incidirá na convivencia para todo o grupo de alumnado, para potenciar as respostas adaptativas. • Intesificación de reunións coa familia. Coordinación cos servizos externos á institución escolar <ul style="list-style-type: none"> • Priorización dos obxectivos mínimos do curso nos que está escolarizado o /a alumno/a. • Adaptación na secuencia de contidos, na metodoloxía e/ou nos instrumentos de avaliación. 	Titor/a Profesorado especialista de áreas Profesorado do centro Asesoramento do DO/EOE Intervención do Xefe /a de estudos, nos casos que haxa que adaptar medidas extraordinarias. Profesorado de PT e/ou AL nos casos en que se produza un déficit significativo na aprendizaxe.

C – Alumnado con altas capacidades intelectuais

Proposta curricular.	Profesorado implicado.
<p>Ampliación do currículo. Profundización do currículo. Adaptación curricular significativa. Flexibilización da escolarización.</p>	<p>Titor/a. Profesorado de área. Intervención do DO e/ou EOE. Excepcionalmente PT e/ou AL.</p>

D- Alumnado de integración tardía.

Proposta curricular.	Profesorado implicado
<p>Na fase inicial de escolarización, de ser necesario, priorizarase a atención individualizada para posibilitar a aprendizaxe da lingua vehicular.</p> <p>Con respecto á proposta curricular, adoptaranse as que se estimen (adaptación curricular, flexibilización do período de escolarización, reforzo/apoio fóra da aula).</p> <p>Formación de grupos de aprendizaxe da lingua vehicular e de adaptación da competencia curricular.</p>	<p>Titor/a e profesorado do centro.</p> <p>De ser necesario o DO asesorará ó profesorado no deseño da intervención, así como nos materiais didácticos máis convintes para favorecer a aprendizaxe da lingua vehicular.</p> <p>Dependendo dos recursos persoais e posibilidade organizativa, o profesorado de PT e/ou AL.</p>

E – Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.

Proposta curricular	Profesorado implicado.
<p>Reforzo na asimilación de obxectivos e contidos do curso anterior.</p> <p>Priorización dos obxectivos mínimos do curso no que o alumno/a este escolarizado/a.</p> <p>Se é o caso, adaptación na secuencia de contidos, na metodoloxía e/ou nos instrumentos de avaliación.</p> <p>Intervención sobre as dificultades específicas.</p>	<p>Titor/a</p> <p>Profesorado de área.</p> <p>Outro profesorado con dispoñibilidade horaria.</p> <p>Cando o alumno/a presenta déficits significativos en habilidades cognitivas e/ou lingüísticas, intervirá o profesorado de PT e/ou AL.</p>

F- Alumnado co desfase curricular de máis dun ano asociado a situación de desvantaxe socio – cultural.

Proposta curricular.	Profesorado implicado.
<p>Obxectivos e contidos do curso coas modificacións propias do reforzo educativo.</p> <p>Adaptación curricular significativa, se fose o caso.</p>	<p>Titor/a</p> <p>Profesorado especialista de área.</p> <p>Outro profesorado.</p> <p>Cando o alumno/a presenta déficits significativos, valorarase a intervención do profesorado de PT e/ou AL.</p>

6. CONCRECIÓN DA ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS

6.1. Profesores/as- titores/as e de área:

- Poñer en práctica as actuacións recollidas no Plan de Acción Titorial.
- Adecuar programacións de aula á diversidade.
- Detección de necesidades.
- Demanda de intervención do Departamento de Orientación.
- Participar na elaboración e aplicación doutras medidas de atención á diversidade (ordinarias e / ou extraordinarias) conforme ao estipulado para cada unha.
- Seguimento da evolución do alumnado con NEE
- Levar a cabo programas de prevención.

- Elaboración das Adaptacións Curriculares.
- Elaborar programas de reforzo para o alumnado que promociona con materias pendentes.
- Coordinarse co equipo de profesores/as que interveñen no seu grupo.
- Coordinarse co orientador/a cando haxa intervención do Departamento.
- Control de asistencia ao colexio.
- Participar nas sesión de avaliación valorando o progreso do grupo e de cada alumno/a, así como das medidas aplicadas ou da necesidade de aplicar outras.
- Informar aos país das medidas tomadas.

6.2. Profesorado de PT.

- Elaborar e poñer en práctica o plan de intervención co alumnado co que vaia a traballar.
- Apoio ao alumnado con necesidades específicas permanentes ou temporais.
- Apoio ó alumnado con AC
- Apoio ao alumnado que presenta problemas emotivo-relacionais e/ou de conduta.
- Colaborar co profesorado na elaboración de materiais adaptados ás necesidades do alumnado atendido.
- Facer un informe escrito a final de curso sobre cada un dos casos atendidos.
- Manter reunión de coordinación co orientador/a e co xefe/a de estudos para planificar e facer seguimento dos seus apoios.
- Colaborar co profesorado titor/a na relación coas familias.
- Participar nas sesión de avaliación do alumnado ao que atende.

6.3. Profesorado de AL.

- Elaborar e poñer en práctica o plan de intervención co alumnado co que vai a traballar.
- Apoio ao alumnado con NEE especialmente aos que presenta trastornos graves da linguaxe e da comunicación e discapacidade.
- Apoio ao alumnado con Adaptación Curricular.
- No caso de que se dispoñan horas, logo da atención ao alumnado con NEE, realizaranse programas de estimulación da linguaxe oral na etapa de infantil, como prevención de dificultades.
- Realizar valoracións das necesidades educativas do alumnado relacionadas coa comunicación e a linguaxe.
- Colaborar co profesorado e co titor/a na elaboración de materiais adaptados ás necesidades do alumnado atendido.
- Facer un informe escrito a final de curso sobre cada un dos casos atendidos.
- Manter reunión de coordinación co orientador/a e co xefe/a de estudos. para planificar e facer seguimento dos seus apoios.
- Colaborar co profesorado titor/a na relación coas familias.
- Participar nas sesión de avaliación do alumnado ao que atende.

6.4. Profesorado de apoio a Educación Infantil.

- Apoio ao grupo clase, segundo as necesidades de cada grupo.
- Apoio no período de adaptación nas aulas de 3 anos.

6.5. Departamento de Orientación- Orientador/a.

- Detección de necesidades.
- Propoñer as intervencións do profesorado dos especialistas en PT e AL.
- Manter reunións de coordinación entre os profesionais de PT, AL e xefe/a de estudos para planificar e facer seguimento dos apoios que están a realizar.
- Colaborar na planificación e desenvolvemento das medidas ordinarias e extraordinarias que precisan a súa intervención ou asesoramento.
- Efectuar a orientación sobre a modalidade de escolarización oportuna e os recursos persoais e materiais necesarios.
- Solicitar a intervención do Equipo de Orientación Específico cando sexa preciso.
- Atender as demandas de valoración presentadas ante o Departamento.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas cos informes correspondentes, así como a súa revisión e /ou actualización.
- Informar ás familias dos resultados da avaliación psicopedagóxica, ditame se procede, así como das orientacións oportunas.
- Manter comunicación e colaboración cos servizos externos que actúen sobre o alumnado do centro para realizar a coordinación e seguimento das distintas actuacións, emitindo informes si é preciso.
- Colaborar nas actuacións que se realicen en relación co absentismo.
- Colaborar co profesorado titor/a na relación coas familias.
- Participar nas sesións de avaliación de todo o alumnado.
- Coordinarse co xefe/a de estudos para a planificación das distintas actuacións.

6.6. Equipo Directivo do centro.

- Detectar as necesidades de recursos persoais e materiais.
- Velar polo cumprimento do PAD, a súa avaliación e revisión anual.
- Designar ao profesorado con dispoñibilidade horaria para os reforzos e os grupos susceptibles de recibir este reforzo, en coordinación co xefe/a do Departamento de Orientación. e xefe/a de estudos
- Autorizar as medidas extraordinarias que sexan da súa competencia.
- En coordinación co Departamento de Orientación e xefe/a de estudos., distribución horaria dos distintos apoios, calendario de reunións do profesorado de apoio e os titores/as.
- Impulsar as reunión de coordinación das distintas etapas educativas e distintos cursos cando cambien de titor/a. e sempre coordinados polo xefe/a de estudos
- O/a Xefe/a de estudos coordinará as reunións para decidir a pertinencia ou non da elaboración de Adaptacións Curriculares.

6.7. Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

- Revisión e seguimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Aprobación dos horarios de apoio e propostas do equipo directivo, departamento de orientación e profesorado de apoio.
- Valoración das liñas de actuación e avaliación do plan.

6.8. Claustro de mestres e mestras

- Aprobación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

6.9. Consello Escolar

- Aprobación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

6.10. Auxiliar Técnico Educativo (ATE).

- Atención ao alumnado con necesidades educativas especiais segundo se determina nas función que establece o órgano administrativo competente.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

Como centro de Educación Infantil e Primaria dependente da Consellería de Educación, cumprimos coas reunións periódicas establecidas para os distintos órganos de coordinación: equipos de nivel, de ciclo, de dinamización, departamento de orientación, comisión de coordinación pedagóxica, actividades extraescolares, claustro e consello escolar. Ademais procúrase a coincidencia de profesorado do mesmo nivel polo menos nunha hora semanal de dispoñibilidade para favorecer a coordinación dentro do nivel.

Realizamos tamén as seguintes coordinacións.

- Unha reunión semanal do profesorado especialista de PT e AL co xefe/a do Departamento de Orientación.
- Unha reunión, polo menos trimestral co Xefe/a de Estudos e Xefe/a do Departamento de Orientación para coordinar as distintas actuacións
- Reunión mensual (4º martes de cada mes) de todo o Departamento de Orientación.
- Nos cambios de etapa ou curso, realizaremos unha reunión a principio de curso cos titores/as, especialistas e Xefe/a de Departamento de Orientación, coordinados polo Xefe/a de Estudos.
- Para o caso de alumnado con necesidades educativas especiais xa escolarizados no centro e que cambian de etapa, curso, ou de titor/a, con anterioridade ao inicio das clases, o/a orientador/a fará unha reunión coordinados polo/a Xefe/a de Estudos co titor/a, e especialistas, para planificar os recursos materiais e humanos que van ser necesarios para atendelos, facilitando información sobre as distintas necesidades do alumnado, coordinando actuacións e facendo o seguimento.

- Reunión do/a orientador/a con todo o profesorado implicado na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Farase unha ao inicio dos apoios, para concretar o plan de traballo e posteriormente, coa periodicidade que se estime oportuno nesta reunión inicial para realizar o seguimento de cada caso.
- Sesións trimestrais de avaliación en todas as etapas e cursos.
- Reunións co IES “Sanxillao” de Lugo ao que está adscrito este colexio de educación Infantil e Primaria, para intercambios de información, coordinación, sempre que se considere oportuno e polo menos unha vez ao final de cada curso para preparar o cambio de etapa do alumnado de 6º de Educación Primaria.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

É moi importante que as nais, país ou titores legais do alumnado compartan o esforzo educativo e que se impliquen en todas aquelas medidas destinadas ao desenvolvemento integral do noso alumnado, particularmente no ámbito referido á mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia.

8.1. Familias

Este ámbito tratarémolo empregando reunións nun número e cunha periodicidade variable segundo as necesidades:

- Reunións iniciais do titor ou titora coas familias. Nestas reunións informarase sobre as dificultades atopadas e sobre as propostas de intervención, incluída a posible avaliación psicopedagóxica e a autorización para a mesma.
- Reunións co orientador/a, nas que se solicita información relevante, se

facilita información e se proporcionan propostas e orientacións.

- Reunións de seguimento, con periodicidade variable segundo os casos, nas que poden participar, ademais do profesorado titor/a, os profesionais especialistas e o orientador/a.
- As familias dispoñen dun horario de atención individual, por parte do titor/a ou profesorado especialista, que no noso centro é todos os martes de 16:00 a 17:00, previa petición de cita.
- Cada titor/a, coa participación e colaboración, si se demanda, do profesorado de apoio e do Departamento de Orientación., pedirá colaboración ás familias para reforzar aqueles aspectos que se consideren necesarios (lectura, escritura, cálculo,...) de forma especial con aqueles alumnos e alumnas que o precisen.
- Trimestralmente, mediante o boletín de notas, as familias son informadas dos resultados acadados polos seus fillos/as.

8.2. Servizos externos

Debido a que no centro está escolarizado alumnado que recibe tratamento ou co que interveñen profesionais externos, é imprescindible manter contactos periódicos cos mesmos.

Por outra parte, no caso de que un servizo externo que desexe obter información acerca dun alumno co que traballa fóra do centro, deberemos contar cunha autorización por escrito da familia, ademais de, na medida das posibilidades, será recomendable que a familia este presente nesa reunión para compartir información.

Os servizos externos máis destacados son:

- Servizos Sociais do Concello: faranse reunión cos servizos sociais de atención primaria para detectar alumnado con necesidades e valorar as medidas que son necesarias para intervir.

- Saúde mental infanto-xuvenil do complexo hospitalario do Hula de Lugo. Seguiremos o protocolo de colaboración con entidades, asociación e outras organizacións relacionadas coa atención á diversidade que se aprobou no claustro do 8/10/2015 e refrendada polo consello escolar, dentro das normas de organización e funcionamento do centro, que figuran no PXA.
- Asociacións que prestan atención ao alumnado con necesidades especiais. Seguirase o mesmo protocolo citado anteriormente.
- Equipo de Orientación Específico.

Demandar a intervención dos especialistas do EOE de Lugo sempre que se precise ou buscar o seu asesoramento para atender as necesidades específicas do alumnado.

O procedemento a seguir para solicitar esta intervención será:

- Análise das dificultades e necesidades do alumno obxecto de intervención dende o centro.
- A dirección do centro ou o orientador/a solicitan a intervención do EOE cubrindo o formulario elaborado para tal efecto, que se mandará ao noso inspector/a quen o pasará ao EOE.
- Facilitar a información que demanden os especialistas do Equipo sobre o alumno/a.

9. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O presente plan estará suxeito a un proceso continuo de seguimento e avaliación de tal forma que, anualmente, estableceranse as modificacións e áreas de mellora pertinentes para axustar a resposta educativa ás necesidades do propio centro e do alumnado escolarizado.

Con carácter xeral, a avaliación realizarase ao final de cada curso por parte do Departamento de Orientación e da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Si se considera necesario, pódense levar a cabo avaliacións parciais sobre aspectos concretos que se detecten con mal funcionamento.

9.1. Órganos implicados na avaliación:

- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Departamento de Orientación
- Dirección
- Claustro
- Consello Escolar

9.2. Indicadores de avaliación

- Necesidades detectadas
- Grao de consecución de obxectivos do plan
- Idoneidade das medidas de atención adoptadas
- Dificultades atopadas para levar a cabo as medidas
- Grao de implicación na aplicación das distintas medidas por parte do profesorado

9.3. Instrumentos para avaliar o plan:

- Reunións dos distintos órganos docentes
- Documentos elaborados
- Memoria final de curso

10. PROTOCOLOS PÀRA A INFORMACIÓN, SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDIANAIRAS

ANEXO I – INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.

(Intervención do Departamento de Orientación)

Don/acon DNI
, pai/nai ou titor/a legal do alumno/a
, escolarizado no CEIP “Illa Verde” de Lugo, fun informado/a da conveniencia da realización dunha avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación deste centro co fin de valorar as necesidades educativas que poida presentar e que permita a adopción de medidas de atención educativa oportunas.

POLO QUE:

- MOSTRO A MIÑA CONFORMIDADE
- MOSTRO A MIÑA DISCONFORMIDADE (Declaro que fun debidamente informado/a desta avaliación).

Lugo a de de 20

O/A pai/nai, outitor/a legal	O/aA titor/a
Asdo:	Asdo:

ANEXO II - SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (Mestres)

D/Dona
 En calidade de Titor/a Director/a
 do CEIP "ILLA VERDE" de Lugo, **SOLICITO** do/a Orientador/a do centro, unha intervención e orientación do alumno/a:

DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

APELIDOS E NOME:
 DATA DE NACEMENTO:
 NIVEL/CURSO:
 TIVO ADAPTACIÓN / IDADE CURSO.....
 TEN INFORME PSICOPEDAGÓXICO ANTERIORES SI/NON, DATA

DEMANDA:

- Problemas sociofamiliares
- Dificultades na linguaxe
- Problemas de conduta
- Dificultades sensoriais
- Dificultades motrices
- Altas capacidades
- Retraso madurativo
- Dificultades de aprendizaxe
- Dificultades xeneralizadas no desenvolvemento

ESPECIFICACIÓN E CONCRECIÓN DA DEMANDA AO DO.

.....

Lugo a de de 20

Vº e prace do Director/a O/a Titor/a O/a Orientador/a.

Asdo.:..... Asdo.:..... Asdo.:.....

ANEXO III – INFORMACIÓN Á FAMILIA DA ADOPCIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

D/Dona.....

con DNI pai/nai ou titor/a legal do/a alumno/a.....

.....
 do CEIP “ILLA VERDE” de Lugo, fun informado/a das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a, así como da medida que se propón para a mellora do seu desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo e mostro o meu acordo, de ser o caso.

	Atención mestre/a de Pedagogía Terapéutica.
	Atención mestre/a de Audición e Linguaxe.
	Adaptación curricular.
	Grupo de adquisición de linguas.
	Grupo de adaptación de competencia curricular.
	Outros:

POLO QUE:

- MOSTRO A MIÑA CONFORMIDADE
- NON MOSTRO A MIÑA CONFORMIDADE. (Declaro que fun debidamente informado/a desta medida extraordinaria).

Lugo a de de 20....

Pai/nai/titor/a legal

Asdo.:.....

ANEXO IV – INFORME DO MESTRE/A TITOR/A DE MEDIDA DE FLEXIBILIZACIÓN

ASUNTO:

Informe do alumno/a.....,
para a solicitude de permanencia un curso máis na etapa de.....

D/Dona

titor/a de curso de do CEIP “Illa Verde”
de Lugo.

INFORMA:

Que o alumno/a.....
de anos de idade, escolarizado no curso de.....
non ten globalmente acadados os obxectivos curriculares de

..... sinalados no Proxecto Curricular do Centro,
polo que a medida de flexibilización do período de escolarización proposta polo
Departamento de Orientación do centro, parece AXEITADA, debendo terse
presentes os criterios sinalados no Informe Psicopedagóxico adxunto.

Estes aspectos desenvólvense con maior amplitude na Adaptación Curricular
que se xunta a este informe.

Lugo a de de 20

O/A mestre/a titor/a

Asdo:.....

ANEXO V – CONFORMIDADE DA FAMILIA DO ALUMNO/A CA MEDIDA DE FLEXIBILIZACIÓN.

D/Dona.....

con DNI pai/nai ou titor/a legal do/a alumno/a

.....

do CEIP “ILLA VERDE” de Lugo, de..... anos de idade e escolarizado en

curso de

Informado/a polo/a Xefe/a do Departamento de Orientación do CEIP “Illa Verde” de Lugo e polo/a mestre/a titor/a do resultado da avaliación realizada e da proposta de escolarización (permanencia extraordinaria dun curso máis na etapa de

Manifesto a miña CONFORMIDADE E AUTORIZO a que se proceda a **flexibilizar o período de escolarización do noso/a fillo/a**, co fin de que o vindeiro curso lectivo poida permanecer no curso do ciclo de

Lugo a de de 20....

O/A pai/nai/titor/a legal

Asdo:.....

ANEXO VI – INFORME DO MESTRE/A TITOR/A DE MEDIDA DE FLEXIBILIZACIÓN POR ALTAS CAPACIDADES.

ASUNTO:

Informe do alumno/a.....,
para a solicitude de flexibilización do período de escolarización obrigatoria por altas capacidades intelectual.

D/Dona
titor/a decurso de do CEIP “Illa Verde”
de Lugo.

INFORMA:

Que o alumno/a.....,
de anos de idade, escolarizado no curso de.....
ten globalmente acadados os obxectivos curriculares do ciclo de
..... sinalados no Proxecto Curricular do Centro,
polo que a medida de flexibilización do período de escolarización proposta polo Departamento de Orientación do centro e coordinado co especialista de sobredotación intelectual do Equipo de Orientación Específico de Lugo, parece AXEITADA, debendo terse presentes os criterios sinalados no Informe Psicopedagóxico adxunto.

Estes aspectos desenvólvense con maior amplitude na Adaptación Curricular que se xunta a este informe.

Lugo a de de 20

O/A mestre/atitor/a

Asdo.:.....

ANEXO VII – CONFORMIDADE DA FAMILIA DO ALUMNO/A CA MEDIDA DE FLEXIBILIZACIÓN POR ALTAS CAPACIDADES

D/Dona.....
con DNI pai/nai ou titor/a legal do/a alumno/a
.....
do CEIP “ILLAVERDE” de Lugo ,de.....anos de idade e escolarizado en
curso de fun informado/a polo/a Xefe/a do Departamento
de Orientación do CEIP “Illa Verde” de Lugo e polo/a responsable da área de
sobredotación intelectual do Equipo de Orientación Específico de Lugo do
resultado da avaliación realizada e da proposta de escolarización.

Manifesto a miña CONFORMIDADE E AUTORIZO a que se proceda a **flexibilizar
o período de escolarización do noso/a fillo/a** co fin de que o vindeiro ano
lectivo poida cursar do ciclo de.....

Lugo a de de 20....

O/A pai/nai/titor/a legal

Asdo.:.....

ANEXO VIII – CONSTANCIA DA INFORMACIÓN Á FAMILIA

D/Dona pai/nai ou titor/a legal do alumno/a
 escolarizado/a no cursode
 Educación do CEIP “ILLA VERDE” de Lugo, fun informado/a de que o/a
 meu/miña fillo/a necesita reforzo educativo ou apoio, a recibir por parte do/a
 mestre/a.....
 dentro ou fóra da aula, segundo se contempla na lexislación vixente para a
 atención á diversidade.

SESIÓNS DE REFORZO EDUCATIVO OU APOIO

SE	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª					
2ª					
3ª					
4ª					
5ª					

Lugo a de de 20....

O/A pai/nai/titor/alegal

Asdo.:.....

Titor/a.....

ANEXO IX: INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS DA PARTICIPACIÓN DO/A SEU/SÚA FILLO/A NO GRUPO DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS

Familia:

ESTIMADA FAMILIA:

O CEIP ILLA VERDE infórmaos de que o/a seu/súa fillo/a

..... comezará a recibir apoio dentro do
Grupo de Adquisición de Linguas para mellorar a adquisición das linguas oficiais da
nosa comunidade autónoma.

Por iso precisamos que firmen esta folla conforme están ou non de acordo con esta
medida.

- MOSTRO A MIÑA CONFORMIDADE
- NON MOSTRO A MIÑA CONFORMIDADE (Declaro que fun informado
desta medida)

Lugo, a de de 20.....

Asdo.: Pai/nai ou titor/a legal.

Nesta parte debe incluírse o anterior texto traducido á lingua materna empregada pola familia para asegurarnos de que comprenden a información transmitida.

ANEXO X: AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS A COMPARTIR INFORMACIÓN CON SERVIZOS EXTERNOS POR PETICIÓN DESTAS

D./D^apai/nai, titor/a legal
do alumno/a..... escolarizado no curso
de Educación do CEIP “Illa Verde”, **AUTORIZO** ao equipo docente do
meu/miña fillo/a a compartir información cos especialistas dos servizos externos aos que
acude fóra do colexio.

Lugo, a de de 20.....

Asdo.: Pai/nai ou titor/a legal

ANEXO XI - SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (Familias)

D/Dona

Con DNI nai/pai/titora/titor legal do/a alumno/a

SOLICITO do/a Orientador/a do centro, unha intervención e valoración psicopedagóxica atendendo aos seguintes motivos:

ESPECIFICACIÓN E CONCRECIÓN DA DEMANDA AO DO.

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

En Lugo a de de 20.....

Nai/pai/titora/titor legal Vº e prace do Director/a O/a Orientador/a.

Asdo.:..... Asdo.:..... Asdo.:.....



CERTIFICACIÓN DA XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN


Dona Verónica Fernández Vázquez, xefa do Departamento de Orientación do CEIP Illa Verde de Lugo durante o curso 2022/2023

CERTIFICA:

Que o presente Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación, foi modificado e aprobado por este departamento na sesión celebrada o 25 de outubro de 2022.

Lugo, a 25 de outubro de 2022

A xefa do Departamento de Orientación


 XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 C.E.I.P. ILLA VERDE Asdo.: Verónica Fernández Vázquez
 Dpto. Orientación

CERTIFICACIÓNS

Visto e prace do Claustro en reunión do 25 de OUTUBRO... de 2022

Aprobado en Consello Escolar con data de de 2022

Lugo, a 25 de OUTUBRO..... de 2022

Certificado polo director do CEIP Illa Verde

Asno:

